



Concello de TABOADA

NIF P2706000C

Praza do Xeneral Muínelo s/n

27.550 Taboada - Lugo

Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89

e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

info@concelloTABOADA.es

BANDO

Peche de instalacións e suspensión de actividades por prevención fronte ao coronavirus

O Concello de Taboada, pechará dende esta tarde as instalacións deportivas e culturais municipais como medida de precaución fronte o coronavirus. Isto é, suspendense xa nesta tarde de xoves todas as actividades deportivas e culturais tanto infantís como de adultos.

A maiores, a instalación do centro social e as actividades organizadas para os usuarios e usuarias, quedan suspendidas ata novo aviso.

O goberno local considera que, se ben Galicia é unha das comunidades con menos contaxios confirmados, é necesario atender as medidas preventivas que recomentan adoptar tanto o Ministerio de Sanidade como o SERGAS para minimizar a propagación do virus. O Covid-19 contáxiase por vía aérea ou por contacto con persoas infectadas, razón pola que desde os primeiros casos detectados **os esforzos sanitarios céntranse na contención dunha enfermidade** que, ao parecer, cursa con tose, febre e problemas respiratorios. Seméllase a unha gripe e, igual ca ela, pode causar serias complicacións en persoas de idade avanzada ou que padezan outras patoloxías.

Por esta razón, dende o **Concello de Taboada** aconséllase extremar a hixiene -lavar as mans a conciencia- e esbirrar contra o flexo do cóbado. Ademais, se se teñen síntomas -especialmente se se estivo en zonas de risco-, a recomendación é chamar ao **teléfono gratuíto** 900 400 116 habilitado pola Xunta para facilitar información sobre o coronavirus. Se se está nesa situación -síntomas leves ou se se quere facer algunha consulta- non se debe acudir ao centro de saúde nin ao hospital e **no caso de que o problema sexa máis grave, chamar ao 061.**

Taboada a 12 de Marzo do 2020



Fdo. Ramiro Moure Ansoar